



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS E FACENDA PARA O 13.10.2025

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño, e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión da Comisión Informativa de Contas e Facenda do Concello de Miño que terá lugar o día 13 de outubro de 2025 ás 14:30 horas no salón de plenos da casa do concello; e fixar a seguinte orde do día:

1. Modificación da ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa por saneamento, así como de tratamento e depuración de augas residuais incluída a vixilancia especial dos sumidoiros particulares, e da ordenanza fiscal número 9, reguladora da taxa pola subministración de auga.
2. Aprobación do expediente de modificación orzamentaria nº 12/2025 no orzamento de 2025, vía transferencia de crédito.

A documentación está posta á disposición dos membros da Comisión Informativa de Contas e Facenda a través do Portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira